

Dereito á lingua que eu falo



Francisco Javier Sanjiao Otero

Lingua proletaria do meu pobo
eu fáloa porque si, porque me gusta
porque me peta e quero e dáme a gaña

CELSO EMILIO FERREIRO

O artigo 3 da Constitución española de 1978, que por primeira vez recoñeceu carácter oficial ás outras linguas españolas, tamén asentou unha inxusta discriminación lingüística. Todos os españois teñen o deber de coñecer e o dereito a usar a lingua castelá, pero nas outras só existe o dereito a coñecelas e usalas. O argumento para defender esta primacía do castelán estriba na redacción literal deste artigo, susceptible de cambiar nun hipotético proceso de reforma constitucional que tantas voces e por tantos motivos esixen, e mesmo de interpretar que como as outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas, neses territorios tamén rexe a obriga de coñecer a lingua cooficial.

Para rachar esta discriminación, ou fixamos o mesmo deber de coñecemento da lingua propia onde corresponda, ou eliminamos o deber de coñecer a lingua castelá en todo o territorio, e incluímos só o dereito de coñecer e usar os dous idiomas (na liña do artigo 5 do Estatuto galego de 1981), dereito que podemos exercer usando calquera das linguas ou todas elas, ou renunciar a empregar calquera destas linguas ou mesmo a expresarnos noutra distinta. Chegado este punto, tamén podemos pensar se non sería mellor ter excluído calquera referencia ás linguas da Constitución como acontece noutros países, en canto afecta a un aspecto moi persoal. Salvo de retornarmos á doutrina lingüística franquista, de infausta lembranza para o noso idioma, resulta difícil concretar o deber de coñecer un idioma por parte da cidadanía salvo nas relacións co sector público.

A lingua, e sobre todo a opción da lingua que cadaquén vai empregar nas súas relacións sociais, constitúe un dereito persoalísimo. Na intimidade, ou como náufragos nunha illa, cadaquén decide en que idioma pensa, en que idioma soña, en que idioma escribe ou en que idioma canta. Porque si, porque lle peta. Non hai restrición posible a esta escolla privada e íntima, e optaremos pola que nos resulte máis querida.

Pero a maioría das veces a lingua usámola para comunicarnos con outras persoas. Ferdinand de Saussure consideraba a lingua un produto social, un medio de comunicación entre seres humanos que viven en sociedades. Admitida a escolla individual, debemos considerar como regulamos socialmente o posible conflito de escoller a lingua coa que imos comunicarnos e relacionarnos con outras persoas.

Se escollen o mesmo idioma para falar entre elas, deberá primar a súa decisión, e calquera imposición doutra lingua constitúe unha intromisión flagrante nos seus dereitos. Actitude que por certo sufriu o galego durante moitos séculos, resultaba habitual até non hai moito, e mesmo hoxe non desapareceu totalmente. Existen moitas testemuñas de como nenos e nenas galegofalantes sufriron castigos nas escolas por falar entre eles en galego, e aínda ás veces reprenden ou estigmatizan a persoas que entre elas falan galego en empresas ou determinados círculos sociais. Pero aínda nestes casos o galego persiste como lingua malia a presión sufrida polos seus falantes, xa fose por comodidade, por convencemento, como elemento integrador da galegitude, ou por descoñecemento doutro idioma.

Chegados a este punto, debemos considerar que acontece cando hai dúas persoas que falan idiomas distintos, se debe regularse a súa relación ou se unha das linguas debe prevalecer sobre as outras. En principio a comunicación é un xogo cooperativo, o obxectivo das partes é entender e darse a entender, e tende a escollerse aquel idioma no que poida facelo. Asumindo de partida que temos dereito a escoller que idioma utilizaremos, se eu falo varios idiomas, e a persoa coa que quero falar só entende un, a lóxica indica que este será o idioma que empregarei con esa persoa e, se non hai un idioma común, recorreremos aos acenos. Por este motivo, na maioría dos casos non hai conflito, e cada quen é libre de optar por falar no idioma que queira.

Por último, cabe a posibilidade de que dúas persoas queiran exercer o seu dereito lingüístico e falar un idioma distinto, pero aínda neste suposto non ten por que haber un enfrontamento. Aínda que eu fale galego e outro fale castelán, podemos entendernos igualmente, e tampouco ten que haber confrontación. E mesmo se algún rexeita o outro idioma, non está obrigado a relacionarse con ninguén, cadaquén escolle os seus amigos, os seus coñecidos e as persoas con quen relacionarse. Como cliente podo optar por lugares onde se relacionen comigo en galego e, de non facelo, podo saír e buscar outro que cumpra este requisito.

Na esfera privada, cadaquén ten dereito a escoller o idioma no que se expresa, o que non afecta ao dereito á lingua dos demais. O Museo do Pobo Galego, unha institución privada dedicada ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropológico e da

cultura galega, establece nos seus estatutos que o idioma propio da asociación é o galego. Por este motivo, nas súas instalacións todas as rotulacións aparecen única e exclusivamente en galego, aínda que moitos dos seus visitantes non sexan galego falantes, e mesmo non entendan este idioma, pois así pode facer presente nun museo de obxectos a maior creación do pobo galego, a nosa lingua. Como asociación privada exercemos o noso dereito a empregar o noso idioma, e queremos que as persoas que o visitan sexan conscientes de que en Galicia existe un idioma propio, pero non por iso afectamos os dereitos lingüísticos de terceiros.

Son galegofalante e inicialmente esta é a miña opción lingüística con calquera persoa coa que me relacione. Só no caso de constatar que non entende o galego, falarei noutro idioma dos que podo falar, pero de non ter esta certeza seguirei falándolle en galego aínda no caso de que

me conteste noutra lingua. Non quero renunciar á lingua en que falo de non ser preciso, e esta opción non menoscaba os dereitos lingüísticos do outro, nin supón unha falta de respecto. Asumo de partida que hai unha probabilidade moi elevada de que entenderá o que estou a contarlle en galego.

A explicación desta opción é sinxela. En Galicia, segundo os datos da Enquisa de condicións de vida das familias (Instituto Galego de Estatística, 2008), hai un grupo maioritario de individuos bilingües que coñecen galego e castelán (se lle falan en galego un 66,02%, entenden moito o que lles está dicindo, e un 28,77% entenden bastante), e unha minoría de individuos monolingües en castelán (o



4,55% entenden pouco se lle falan en galego, e un minoritario 0,66% declara non entender nada). Aínda que un 20,05% afirma falar sempre en castelán, podo entenderme en galego con tres de cada catro persoas deste grupo, e nin eu nin elas temos que renunciar ao noso dereito á lingua.

Na realidade e por un mal entendido respecto, conséntase que en sociedades bilingües como a galega, a maioría das persoas (61,13%) contesta na lingua na que lle están falando, e só o 38,87% contesta na lingua que fala habitualmente. Cunha agravante, como hai unha lingua minusvalorada socialmente (o galego), o cambio habitual é empregar o idioma de prestixio (o castelán). Calquera conversación entre un galegofalante e un castelanfalante rematará na maioría dos casos en castelán, aínda que os dous poden entender o galego, e mesmo asumindo que en moitos casos o castelanfalante de partida podería falar tamén en galego (só o 3,13% da poboación de Galicia declara non saber falar nada en galego, e o 7,73% di saber pouco galego). Mesmo dous galegofalantes moitas veces falarán entre eles en castelán se algún descoñece que o outro é galegofalante, pois en caso de dúbida recorren á lingua de prestixio, o que na práctica reduce drasticamente o número de conversas nas que se utiliza o galego. Polo contrario, optar polo galego de partida asegura que empregarei esta lingua sempre que atope unha persoa galegofalante, ou que poida entender o meu idioma, e mesmo agradezo de corazón os esforzos que fan por expresarse no meu idioma.

A lingua galega, o instrumento que nos permite vivir e manifestarnos como galegos, é o ben máis relevante do noso patrimonio inmaterial, un activo máis do noso capital como sociedade, e cada un de nós pode contribuír na súa defensa e na súa promoción como instrumento xerador de riqueza. Asumido o dereito a usar o galego, tamén temos o deber de conservalo e traspasalo ás vindeiras xeracións pois, de

non facelo, a sociedade galega futura será máis pobre e mesmo desaparecerá como tal. Respectando o dereito dos demais a optar por outro idioma, pero esixindo o mesmo respecto para nós e para o noso idioma.

Somos libres de visitar os castros, as catedrais, os museos, os parques naturais, pero mesmo de non facelo non podemos baixo ningún concepto esnaquizar estes bens en canto que constitúen un valor material e espiritual do noso pobo. O mesmo acontece coa lingua galega, todos debemos defendela. Un valor primordial do dereito é que serve para protexer os máis débiles dos abusos dos poderosos, quen en ausencia de normas abusarán do seu poder e imporán os seus criterios. E na situación actual, herdeira dun pasado por ventura xa superado, é indubidable que o galego é o idioma máis feble, un capital inmaterial que non debemos perder, e cómpre realizar os esforzos necesarios para acadar este obxectivo.

Este labor deberá ser desempeñado dende a administración pública a través da súa política lingüística, e deixo para outro día o problema do dereito á lingua nas relacións entre axentes privados e institucións públicas. Hoxe só pretendo pedirvos que, como xuristas, asumades o compromiso de poñervos de parte do indefenso, e dende os vosos postos axudedes nesta tarefa de defensa e promoción da nosa lingua, reparando o dano que fixeron ao longo dos tempos moitos dos que vos antecederon



no oficio. Avogados, mestres, cregos e médicos eran persoas con moito predicamento na xente e actuaron, con honrosas excepcións, como axentes desgaleguizadores. Hoxe podedes aproveitar a vosa posición para serdes defensores e propulsores da normalización do galego na sociedade.

Os informes realizados sobre a situación da lingua galega tenden a mostrar con fríos datos que nos últimos anos se observa unha desgaleguización da sociedade, que cada vez se emprega menos o idioma galego e que as taxas de uso se reducen nas xeracións máis novas. É certo que o galego perde forza ante o castelán no conxunto da sociedade, pero estamos a tempo de corrixir este proceso. Fronte á visión pesimista de que o galego está en perigo, eu declaro o meu optimismo no futuro do galego

No pasado o galego era a lingua común, pero só unha minoría defendía o noso idioma e o

seu futuro. A maioría dos galegofalantes consideraba que o seu idioma era inferior en rango, dende o poder procedíase a unha castelánización no ensino, na igrexa, na administración, na empresa... e por iso desgaleguizaban os descendentes na idea de asegurarlles un futuro mellor. Hoxe, cando celebramos o 150 aniversario de *Cantares gallegos*, a maioría dos galegofalantes sabemos que o noso idioma é o que nos permitirá relacionarnos co mundo en mellores condicións. Exercemos o noso dereito á lingua galega, defendémola e esiximos que a respecten, así garantiremos o seu futuro.

Neste obxectivo, os profesionais da xudicatura, da avogacía, da procuradoría, do notariado, dos rexistros, e de calquera outra rama do Dereito, como profesionais cun papel de referencia na sociedade, debemos xogar un papel moi importante para promover e garantir o dereito á lingua na que falamos.

Canta si queres,
na lingua que eu falo.

Cantares gallegos
ROSALÍA DE CASTRO

Devindicar
ou
devengar?

Soma nota!



A forma correcta en galego é devindicar. O dicionario académico, na súa edición de 2012, acolle esta forma culta co significado 'xerar dereito a unha retribución':

A cantidade reclamada devindicou uns xuros do 10 %.

A súa forma substantiva é devindicación:

A traballadora percibiu a cota íntegra da devindicación do imposto.